



Concello de
Begonte



PRAZO DE INSCRICIÓN



Primeiro prazo

Do 14 de AGOSTO ó 8 de SETEMBRO de 2023



Segundo prazo

Do 8 ó 19 de XANEIRO de 2024



Inscripción no **Concello de Begonte** ou
mediante a **Sede Electrónica**.

ACTIVIDADES

SOCIOCULTURAIS E DEPORTIVAS

2023 - 2024



Pádel, cestería, pilates, robótica, ioga, bailes de salón, voleibol, baloncesto, ximnasia de mantemento, estimulación cognitiva, tenis, informática, fútbol sala, pintura, teatro, bádminton, taekwondo, zumba, natación, patinaxe e moitas máis!!



Duración das actividades: de outubro de 2023 a maio de 2024.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.concellodebegonte.es ou no teléfono 982 39 61 43



CONDICIÓN XERAIS

PRAZO DE INSCRICIÓN DAS ACTIVIDADES 2023/2024

1º PRAZO: **DO 14 DE AGOSTO AO 8 DE SETEMBRO DE 2023** ➡ Publicación de admitidos/as: **entre o 18 e 29 DE SETEMBRO de 2023.**

2º PRAZO: **DO 8 AO 19 DE XANEIRO DE 2024** ➡ Publicación de admitidos/as: **entre o 22 e o 26 DE XANEIRO de 2024**

NOTA: As listaxes de admitidos/as poderán consultarse nas dependencias do concello.

MATRÍCULA

O modelo de solicitude estará dispoñible nas oficinas do Concello e na páxina web en www.concellodebegonte.es

Para formalizar a matrícula será necesario:

- Entregar no rexistro das dependencias do Concello ou enviar pola sede electrónica a solicitude correctamente cuberta e asinada.
- Anexar a certificación da conta bancaria co código IBAN do alumno/a inscrito/a ou do pai, nai ou titor/a no caso de que aquel/a sexa menor de idade.

NOTA:

- As inscricións dos menores de idade deberán ser cumprimentadas e asinadas polo pai, nai ou titor/a do menor.
- Baixo ningún concepto se poderá acudir ás actividades sen estar previamente inscrito/a e figurar nas listaxes remitidas aos monitores/as de cada actividade.
- Será requisito indispensable que no momento de formalizar a matrícula a unidade familiar estea ao corrente do pago en calquera das actividades organizadas polo Concello de Begonte, de non ser así, esta quedará sen efecto.

DURACIÓN DAS ACTIVIDADES

DO 1 DE OUTUBRO DE 2023 AO 31 DE MAIO DE 2024

- Con carácter xeral, as actividades comezarán o 1 de outubro de 2023 e finalizarán o 31 de maio de 2024, excepto as actividades infantís que estarán suxeitas aos períodos vacacionais establecidos no calendario escolar.
- As datas e horarios están suxeitos a posibles modificacións por cuestións organizativas e doutras actividades municipais.
- Consultar calendario en:

Anexo 1.-Calendario actividades adultos/as 2023/2024

Anexo 2- Calendario actividades nenos/as 2023/2024

PRAZAS

- A adxudicación das prazas farase por rigorosa orde de rexistro no Concello, tendo preferencia as persoas empadroadas sobre as non empadroadas.
- No caso de que o número de inscritos/as supere o número máximo de prazas ofertadas, quen non obteña praza pasará a



formar parte da listaxe de reserva da/s actividade/s que corresponda/n. De quedar algunha vacante ao longo do ano, estes/as incorporaranse ao curso seguindo a orde da listaxe e aboarán a parte proporcional do cuadrimestre de que se trate.

- As prazas mínimas para cada actividade variarán en función do espazo onde se desenvolva, do tipo e modalidade de cada actividade e do número de monitores que a imparta.
- Non se levarán a cabo as actividades que non reúnan o mínimo de inscritos/as establecido. Este número mínimo de prazas deberase manter ao longo de todo o curso, en caso contrario, a actividade será suspendida.
- O Concello de Begonte resérvase o dereito a suprimir/modificar as actividades e horarios, se non se acada un número mínimo de solicitudes por actividade e grupo.
- Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de unificar grupos similares no caso de asistencia insuficiente, permanecendo aquel que rexistre un número maior de solicitantes.
- As limitacións establecidas para a presentación de solicitudes, en canto a prazas e prazos se refire, deixarán de ser aplicables no caso de existir prazas vacantes unha vez rematado todo o proceso de inscrición e non haber solicitudes nas listaxes de reserva das respectivas actividades.

COTAS

Os prezos que se inclúen neste programa son únicos para empadroados/as e non empadroados/as no Concello de Begonte.

Nas actividades para nenos/as, cando dous ou máis irmáns se inscriban e asistan á mesma actividade aplicarase unha redución do:

- 15 % para o/a 2º fillo/a inscrito/a
- 25 % para o/a 3º fillo/a inscrito/a
- 50 % para o/a 4º fillo/a inscrito/a

O alumnado que tramite a inscrición fóra de prazo e teña praza vacante na actividade inscrita, deberán aboar:

- no caso de actividades de pago cuadrimestral, o pago do cuadrimestre completo
- no caso de pago mensual, o mes completo
- no caso de pago único, o total da actividade.

Consultar cotas e descontos na Guía de actividades.

SISTEMA DE PAGO DAS ACTIVIDADES

- As actividades aboaranse por domiciliación bancaria. O/a debedor/a (alumno/a ou pai, nai ou titor/a no caso de menores) deberá autorizar e asinar a orde de domiciliación bancaria que figura na inscrición e aportar o certificado da súa conta bancaria, para que o acredor (Concello de Begonte) poida enviar á entidade bancaria instrucións de cobro do importe das actividades nas que o/a debedor/a está inscrito/a.
- O primeiro cargo das actividades efectuarase no mes de outubro de 2023 e o segundo en febreiro de 2024. Os cargos mensuais realizaranse do 1 ao 15 de cada mes.

DEVOLUCIÓN DE RECIBOS

- Se o banco non pode realizar o adeudo na conta do/a cliente e devolve o recibo como impagado ao emisor (Concello de Begonte), o/a debedor/a (alumno/a ou pai, nai ou titor/a do/a alumno/a menor de idade) deberá recoller o recibo nas dependencias do Concello e aboar directamente o importe do mesmo na entidade bancaria do Concello no prazo de 15 días



naturais.

- O custo da comisión bancaria ocasionada pola devolución de calquera dos recibos será aboado polo/a usuario/a.
- No caso de que o/a debedor/a non efectúe o pago no prazo de 1 mes dende a devolución, o Concello procederá a dar de baixa ao alumno/a da actividade.
- Os/As alumnos/as que teñan algún recibo pendente de pago non poderán inscribirse en sucesivas ofertas de actividades organizadas por esta entidade, ata que aboe todos os recibos pendentes.
- No suposto de que, por causas non imputables ao interesado/a, a actividade non se preste ou cese, procederase á devolución do prezo público total ou da parte proporcional da taxa correspondente ao período non desfrutado, respectivamente.

PRAZO PARA DARSE DE BAIXA

Do 2 ao 6 de outubro de 2023 e do 29 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2024

- A solicitude de baixa en calquera actividade só surtirá efecto se é presentada por escrito ante o Rexistro Xeral do Concello de Begonte.
- O importe das taxas das actividades non será devolto no caso de causar baixa fóra dos prazos establecidos.
- Nos supostos de baixa do servizo unha vez iniciada a actividade, poderase efectuar unha devolución parcial da taxa sempre e cando exista unha causa xustificada que acredite a imposibilidade de continuar coa mesma, coa correspondente presentación de documentación acreditativa que o/a interesado/a deberá aportar para a súa valoración.
- No caso das actividades de cobro mensual, a presentación da baixa deberá presentarse durante os primeiros 15 días do mes anterior a causar baixa e surtirá efectos a partir do día primeiro do mes natural seguinte ao da súa presentación.
- No caso das actividades de cobro cuadrimestral, a inscrición entenderase prorrogada, salvo formalización de baixa.

OUTROS DATOS

- Quen participe en calquera das actividades da programación 2023/2024 responsabilízase de seleccionar aquelas que sexan acordes coas súas capacidades psicofísicas. En caso contrario, e de producirse calquera tipo de dano, será baixo a súa exclusiva responsabilidade.
- Todas as persoas inscritas en calquera actividade do Programa de Actividades Socioculturais e Deportivas 2023/2024 desde Concello estarán cubertos por un seguro de accidentes contratado polo Concello de Begonte. No caso de accidente no desenvolvemento dalgunha das actividades, o/a /a monitor/a informará do incidente ao Concello para cubrir o parte pertinente e remitirá o/a alumno/a ao Sanatorio Nosa Señora dos Ollos Grandes ou ao Hospital Polusa, indicando que son asegurados da Mutua General de Seguros do Concello de Begonte. Só se considerará que existe accidente cando o incidente aconteza no horario estipulado e nas instalacións destinadas polo Concello para a realización da actividade en cuestión.
- Os menores de idade que asistan á actividades nos locais municipais estarán baixo a responsabilidade exclusiva dos seus pais, nais ou titores/as, encargados de transmitirles as normas de convivencia antes e unha vez rematada a actividade en cuestión; do mesmo xeito, serán responsables de achegalos/as e recollelos/as á hora.
- Aquelas persoas que acumulen un 45% de faltas de asistencia causarán baixa na actividade.
- A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento dos cursos.



GUÍA DE ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

MULTIDEPORTE

DESCRICIÓN	Balónmán, baloncesto, voleibol, bádminton, predeporte Educación infantil, etc.
DESTINATARIOS	Educación infantil e primaria
PAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	LUNS de 15.15h a 16.00h
LUGAR	Ximnasio CEIP Virxe do Corpiño (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	65€/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

55,25€/CURSO

3º fillo/a

48,75€/CURSO

4º fillo/a

32,5€/CURSO

PATINAXE/HÓCKEY SOBRE PATÍNS

DESTINATARIOS	Educación infantil e primaria
PAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	LUNS de 16.00h a 17.00h
LUGAR	Pavillón municipal de Begonte (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	65€/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

55,25€/CURSO

3º fillo/a

48,75€/CURSO

4º fillo/a

32,5€/CURSO

NOTA → Cada alumno/a deberá levar os seus propios patíns e proteccións identificados.



TEATRO

DESCRICIÓN	Expresión dramática como vehículo de crecemento grupal, creando un clima axeitado de confianza, no que flúan espontaneamente as ideas e sentimentos e se oriente o potencial expresivo e as posibilidades creativas do/a neno/a.
DESTINATARIOS	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	MÉRCORES de 15.15h a 16.00h
LUGAR	Ximnasio CEIP Virxe do Corpiño (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	65€/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

55,25€/CURSO

3º fillo/a

48,75€/CURSO

4º fillo/a

32,5€/CURSO

XIMNASIA RÍTMICA

DESTINATARIOS	Persoas de 3 a 18 anos
PRAZAS	100
HORARIO	INICIACIÓN: GRUPO I → XOVES de 16.00h a 17.00h * Unha vez finalizado o prazo de inscrición as monitoras informarán aos/ás participantes dos horarios de cada categoría
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

25,5€/CURSO

3º fillo/a

22,5€/CURSO

4º fillo/a

15€/CURSO



ZUMBA

DESCRICIÓN	Exercicio de capacidades físicas como a flexibilidade, axilidade, etc. a través da música, co que tamén se desenvolven outras habilidades coma o ritmo, o movemento, etc.
DESTINATARIOS	Educación infantil e primaria
PAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	MARTES de 15.15h a 16.00h
LUGAR	Ximnasio CEIP Virxe do Corpiño (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	65€/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

55,25€/CURSO

3º fillo/a

48,75€/CURSO

4º fillo/a

32,5€/CURSO

XADREZ

DESTINATARIOS	Educación primaria
PAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	LUNS de 19.30h a 20.30h
LUGAR	Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

TENIS

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	VENRES de 19.00h a 20.00h
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

NOTA → Cada participante deberá levar a súa propia raqueta identificada.

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES



NATACIÓN

DESTINATARIOS	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Máximo 30 prazas
HORARIO	MARTES ás 17.15h
LUGAR	D10 Centro Deportivo
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	35€/MES (8 pagos de 35€ mensuais)

2º fillo/a

29,75€/MES

3º fillo/a

26,25€/MES

4º fillo/a

17,5€/MES

NOTA → Os/As alumnos/as deberán levar traxe de baño, gorro, toalla e chancletas.
Os/As nenos/as ata 6 anos (inclusive) deberán ir acompañados/as por un adulto.
Os horarios de saída do autobús comunicaránselle aos interesados/as unha vez inscritos/as.

TAEKWONDO

DESTINATARIOS	Nenos/as de 4 a 18 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	MARTES de 16.00h a 17.00h
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

NOTA → Os/As nenos/as que desexen competir deberán aboar a parte proporcional do seguro federativo ao Club de Taekwondo.



FÚTBOL SALA

DESTINATARIOS	Persoas de 3 a 18 anos
PRAZAS	90 prazas
HORARIOS	Consultar a táboa que se presenta a continuación
LUGAR	Pavillón Municipal de Baamonde
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	25€/MES (8 pagos de 25€ mensuais)

2º fillo/a	21,25€/CURSO	3º fillo/a	18,75€/CURSO	4º fillo/a	12,5€/CURSO
------------	---------------------	------------	---------------------	------------	--------------------

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
17:00h. a 18:00h. PREBENXAMÍN	17:00h. a 18:00h. BIBERÓN	17:00h. a 18:00h. PREBENXAMÍN	16:30h. a 18:00h. INFANTIL	16:30h. a 18:00h. CADETE + INFANTIL
18:00h. a 19:00h. BENXAMÍN	18:00h. a 19:30h. INFANTIL	18:00h. a 19:00h. BENXAMÍN	18:00h. a 18:30h. ESPECÍFICO PORTEIR@S Alevín - Infantil	18:00h. a 19:30h. XUVENIL
19:00h. a 20:00h. ALEVÍN	19:30h. a 20:30h. ESPECÍFICO PORTEIR@S Feminino	19:00h. a 20:15h. CADETE	18:30h. a 19:45h. ALEVÍN	19:30h. a 21:00h. SENIOR FEMININO
20:00h. a 21:30h. XUVENIL + CADETE	21:00h. a 22:30h. SENIOR FEMININO	20:15h. a 21:45h. XUVENIL	21:00h. a 22:30h. SENIOR MASCULINO B	21:00h. a 22:30h. SENIOR MASCULINO
20:30h. a 21:30h. ESPECÍFICO PORTEIR@S Cadete-Xuvenil-Senior		21:30h. a 23:00h. SENIOR MASCULINO		
21:30h. a 23:00h. SENIOR MASCULINO				



ROBÓTICA

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	VENRES de 17.00 h a 18.00 h
LUGAR	Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

VOLEIBOL

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	LUNS de 17.30h a 18.30h
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES



BÁDMINTON

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	VENRES de 16.00h a 17.00h
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

NOTA → Cada participante deberá levar a súa propia raqueta identificada.

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

BALONCESTO (COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN BREOGÁN)

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	MÉRCORES de 16.00h a 17.00h
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES



PÁDEL

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Grupos de 4 alumnos/as
HORARIO	MÉRCORES de 17.00h a 18.00h (INICIACIÓN - 4 PRAZAS) 18.00h a 19.00h (INTERMEDIO - 4 PRAZAS) 19:00h a 20:00h (AVANZADO - 4 PRAZAS)
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

INFORMÁTICA E MECANOGRAFÍA

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	MÉRCORES de 17.00h a 18.00h
LUGAR	Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES



INGLÉS SPEAKING & PLAY

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	XOVES de 17.30h a 18.30h
LUGAR	Biblioteca de Begonte (Casa da Cultura)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,5€/MES

3º fillo/a

22,5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

COSTURA CREATIVA A MAN E A MÁQUINA

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 7 anos
PRAZAS	Mínimo 7 prazas
HORARIO	LUNS de 18.30h a 19.30h
LUGAR	Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,50€/MES

3º fillo/a

22,50€/MES

4º fillo/a

15€/MES



ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA RÁBADE – BEGONTE – OUTEIRO DE REI E FRIOL

DESTINATARIOS	Nenos/as de 4 a 18 anos
HORARIOS E GRUPOS	Consultar en www.musicocrisanto.com
DURACIÓN	De setembro de 2023 a maio de 2024
PREZO	Consultar en www.musicocrisanto.com



NOTA → Aínda que xa se iniciou o curso nas Escolas Municipais de Música, a matrícula continúa aberta. Consulta local, horarios e clases ofertadas ou formaliza a matrícula en www.musicocrisanto.com ou chamando ao 678 80 02 45.

BAILE TRADICIONAL GALEGO - INFANTIL

DESTINATARIOS	Nenos/as a partir de 4 anos
PRAZAS	Mínimo 8 prazas
HORARIO	MARTES de 19.00h a 20.00h
LUGAR	Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

2º fillo/a

25,50€/MES

3º fillo/a

25,50€/MES

4º fillo/a

15€/MES



GUÍA DE ACTIVIDADES PARA MOZOS/AS E ADULTOS

CESTERÍA

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PAZAS	Máximo 10 inscritos/as
HORARIO	SÁBADO de 10.00 h a 12.30 h
LUGAR	Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 ao 27 de xaneiro de 2024
PREZO	75€/CURSO (pago único)

MANUALIDADES

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PAZAS	Máximo 10 inscritos/as
HORARIO	SÁBADO de 10.00 h a 12.30 h
LUGAR	Nova aula Multifunción (Xunto o centro Médico de Begonte)
DURACIÓN	Do 01 febreiro ao 30 de maio de 2024
PREZO	75€/CURSO (pago único)

BAILES DE SALÓN

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PAZAS	Máximo 20
HORARIO	SÁBADO de 21.15 h a 22.45 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)



ZUMBA NOCTURNO

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PRAZAS	Máximo 20
HORARIO	VENRES 20:30-21.30H
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	75€/CURSO (pago único)

TENIS

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PRAZAS	Máximo 10
HORARIO	VENRES 20.00- 21:00H
LUGAR	Pavillón Municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos de 30€ mensuais)

PINTURA

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PRAZAS	Máximo 7 por grupo
HORARIO	BEGONTE: GRUPO I → MARTES de 15.30 h a 17.30 h GRUPO II → MARTES de 17.30 h a 19.30 h GRUPO III → XOVES de 11.00 h a 13.00h
LUGAR	Nova Aula Multifunción de Begonte.
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	120€/CURSO (pago fraccionado: 60€ en outubro e 60€ en febreiro)



PILATES

DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e adultos
PRAZAS	Máximo: 15 por grupo
HORARIO	BEGONTE: GRUPO I → MARTES e XOVES de 10.30 h a 11.30 h GRUPO II → MARTES e XOVES de 11.30 h a 12.30 h BAAMONDE: GRUPO III → MÉRCORES e VENRES de 16.30 h a 17.30 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte e Baamonde, respectivamente.
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	100€/CURSO (pago fraccionado: 50€ en outubro e 50€ en febreiro)

PILATES (NOCTURNO)

DESTINATARIOS	Mozos/as e a partir de 14 anos e adultos
PRAZAS	Máximo: 15
HORARIO	MÉRCORES de 21.00 h a 22.00 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	75€/CURSO (pago único en outubro)

IOGA

DESTINATARIOS	Mozos/as e a partir de 14 anos e adultos
PRAZAS	Máximo 12
HORARIO	LUNS e XOVES de 20.00 h a 21.00 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Baamonde.
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	100€/CURSO (pago fraccionado: 50€ en outubro e 50€ en febreiro)



ESTIMULACIÓN COGNITIVA (MEMORIA)

DESCRIPCIÓN	Potenciación e mellora da calidade de vida e autonomía das persoas maiores mediante talleres que traballan a atención, memoria, funcións executivas, cálculo e linguaxe.
DESTINATARIOS	Terceira idade
PAZAS	30 (10 por grupo)
HORARIO	BAAMONDE: MARTES de 16.10 h a 17.10 h BEGONTE: GRUPO I → MARTES de 17.30 h a 18.30 h GRUPO II → MARTES de 18.30 h a 19.30 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Baamonde e Casa da Cultura (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	5€/MES (8 pagos de 5€ mensuais)

INFORMÁTICA

DESTINATARIOS	Adultos
PAZAS	Máximo 15 persoas inscritas
HORARIO	XOVES 19:00H – 20:30H
LUGAR	Telecentro De Begonte (antiga cámara agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2023 a maio de 2024
PREZO	30€/MES (8 pagos únicos de 30€ mensuais)



XIMNASIA DE MANTEMENTO

DESTINATARIOS

Exercicios enfocados á terceira idade

PRAZAS

192 (12 por parroquia)

HORARIO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00h a 17:00h (Escola Donalbai)	16:00h a 17:00h (Escola Felmil)	16:00h a 17:00h (Escola do Castro)	16:00h a 17:00h (Escola de Pacios)	16:00h a 17:00h (Centro Sociocultural Baamonde)
17:15h a 18:15h (Escola de Illán)	17:15h a 18:15h (Escola de Damil)	17:15h a 18:15h (Escola de Bóveda)	17:15h a 18:15h (Escola de Carral)	17:15h a 18:15h (Escola de Trobo)
18:30h a 19:30h (Escola de Saavedra)	18:30h a 19:30h (Escola de San Vicente)	18:30h a 19:30h (Centro Sociocultural de Begonte)	18:30h a 19:30h (Escola de Virís)	18:30h a 19:30h (Escola de Gaibor)
				18:45h a 19:45h (Escola de Cerdeiras)

LUGAR

Centro Sociocultural de Begonte e Baamonde/Parroquias

DURACIÓN

De outubro de 2023 a maio de 2024

PREZO

5€/MES (8 pagos de 5€ mensuais)



ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA RÁBADE – BEGONTE – OUTEIRO DE REI E FRIOL

DESTINATARIOS

Adultos a partir de 18 anos

HORARIOS E GRUPOS

Consultar en www.musicocrisanto.com

DURACIÓN

De outubro de 2023 a maio de 2024

PREZO

Consultar en www.musicocrisanto.com



NOTA ➔ Aínda que xa se iniciou o curso nas Escolas Municipais de Música, a matrícula está aberta. Consulta local, horarios e clases ofertadas ou formaliza a matrícula en www.musicocrisanto.com ou chamando ao 678 80 02 45.

BAILE TRADICIONAL GALEGO

DESTINATARIOS

Mozos/as a partir de 12 anos e adultos

PRAZAS

20 prazas

HORARIO

MARTES de 20:15h a 21:15h

LUGAR

Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)

DURACIÓN

De outubro de 2023 a maio de 2024

PREZO

30€/MES